



### **AMPLIACIÓN DA COBERTURA DA PRESTACIÓN POR DESEMPREGO.**

Amplíase a cobertura da prestación por desemprego a aqueles traballadores aos que se lle extinga o contrato durante o período de proba a instancia da empresa, dende o 9 de marzo ou aqueles que o extingiran voluntariamente dende o 1 de marzo por ter oferta laboral en firme que decaíra como consecuencia do COVID- 19.

Refórzase a protección dos traballadores fixos discontinuos e amplíase a cobertura a aqueles que non puideran reincorporarse á súa actividade nas datas previstas como consecuencia do COVID-19 e que, ou ben dispoñendo de períodos de ocupación cotizada suficiente, non cumpren o requisito de situación legal de desemprego, ou ben non poden acceder á prestación por carecer do período de cotización necesario para acceder á dita prestación.

### **MODIFICACIÓN E AMPLIACIÓN DE MEDIDAS PARA FAVORECER AS PERSOAS DEMANDANTES INSCRITAS NO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE GALICIA (EMPREGO GALICIA).**

A RESOLUCIÓN do 16 de abril de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, modifica a Resolución do 15 de marzo de 2020 e amplía as medidas do Servizo Público de Emprego de Galicia neste senso:

**Non será necesario renovar a demanda de emprego ata o 30 de xuño de 2020.**

Para a realización de trámites urxentes na demanda de emprego amplíanse os servizos telemáticos á disposición da cidadanía:

- **Novo formulario web para a tramitación de altas iniciais.**
- **Ampliación dos servizos para a reactivación da demanda a través da Oficina Virtual de Emprego Galicia.**

Estes servizos están dispoñibles no Portal de emprego de Galicia: <https://emprego.xunta.gal>.